

A TRADUCCIÓN DE ELEMENTOS CULTURAIS DE TEXTOS MEDIEVAIS INGLESES Ó GALEGO. O CASO DE *DAME SIRITH*

Os seguintes comentarios xorden da traducción do poema medieval inglés *Dame Sirith*, de autor anónimo, realizada en colaboración co Dr Luís Iglesias Rábade, da Universidade de Santiago de Compostela e que nos valeu o accésit do VIII Certame de Traducción convocado polo Seminario permanente de Filoloxía Inglesa e Didáctica do inglés da Universidade de Extremadura. A revisión dos problemas que presenta esta traducción centrárase en tres puntos:

1. Os xuramentos, exclamacións e outras expresións enfáticas.
2. As distintas denominacións do asunto amoroso no *fabliau*.
3. Palabras clave para o desenvolvemento do tema.

1. XURAMENTOS, EXCLAMACIÓNS E OUTRAS EXPRESIÓN ENFÁTICAS

Na traducción de *Dame Sirith* faise evidente a necesidade de utiliza-lo que Newmark (1988) denomina “equivalencias culturais” para traducir expresións que, como os xuramentos e exclamacións, teñen máis de connotativo que de denotativo¹. Son expresións cunha forte carga social e cultural e a través das cales podemos identificar e caracterizar unha comunidade lingüística, unha comunidade inglesa medieval no caso que nos ocupa.

Comprobamos neste texto unha lixeira tendencia ós xuramentos que fan referencia a motivos relixiosos (Deus, a Cruz, o Nadal, a Fe) fronte a outros xuramentos ou exclamacións que poderíamos denominar neutros ou incluso paganos, con referencias á felicidade, a comida e a bebida, a vergoña, o luxo, etc.

Todos estes elementos precisan unha adaptación cultural, un equivalente, neste caso galego, que traduza non o contido literal senón a forza significativa destas expresións.

1.1 REFERENCIAS RELIXIOSAS

Comecemos polas exclamacións con motivos relixiosos. Atopámonos en primeiro lugar con certas expresións que, para os non anglosaxóns, rozan o incomprendible:

116. So ich euer mote biden ol

¹ En palabras de Newmark, “trátase dunha traducción aproximada na que a palabra “cultural” do orixinal se traduce por unha palabra cultural da lingua termo... Este tipo de equivalentes posúe un impacto pragmático superior ó doutros termos culturalmente neutros. Algunhas veces pode tratarse dunha equivalencia meramente funcional, pero non descritiva.” (1987: 135-136).

þou art ounwis

390. Bi Godes houne belle!

Trátase de exclamacións postas en boca de Dame Margery (a vítima da alcaíota) e do narrador da historia. Son xuramentos suaves, que non saen de ton, como corresponden a unha dama e a un narrador que se supón imparcial. A referencia destes xuramentos resúltanos un pouco confusa: “se podo agardar polo Nadal, sodes un necio”, é dicir, “como que espero que chegue o Nadal” ou “tan certo como que chegará o Nadal”. Trátase de enfatiza-la certeza dunha afirmación (a necesidade de Willikin) mediante a comparación cun feito que se supón que ocurrirá irremediamente: a chegada do Nadal. Procurando manter esta interpretación, optamos por traducir: “tan certo como que hai Deus.”

O segundo xuramento ten o significado literal de “pola campá do mesmo Deus”, que case inmediatamente se presta a ser traducido por: “polos cravos de Cristo.”

Segundo Bennett e Smithers (1989), esta exclamación naceu como unha referencia ó uso dunha campá na misa durante a elevación da Hostia Sagrada, un dos ritos básicos do Cristianismo¹. Esta referencia tan directa a Deus mediante unha das súas imaxes atopámola tamén na devandita exclamación hispánica que nos propuxemos como traducción.

Atopamos igualmente unha serie de referencias directas a Deus ou a Cristo en varias exclamacións que tivemos que adaptar con equivalentes culturais:

235. Wat God, Wilekin, me reweþ þi scape
Por Deus, Willikin, lamento o voso sufrir

371. God almitten be þin help
Que Deus todopoderoso vos axude

332. Crist awarie hire lif
Maldiga Deus a súa vida

365. Louerd Crist
¡Oh, meu Deus!

379. Louerd Crist, þat mi is wo ...
Meu Deus, como sinto agora ...

As referencias a Deus e a Cristo en inglés téñense que converter na traducción galega en referencias exclusivamente a Deus, xa que así o esixe a tipoloxía de exclamacións galegas, que reserva a figura de Cristo como imaxe de sufrimento (é dicir, a imaxe de Cristo na Cruz: estar feito un cristo, pór coma un cristo).

¹ “The expletive *by Saint Poules belle* in *The Nonne Preestes Tale* concerns the bell of St. Paul’s Church. But the reference here is probably to the use of a bell in the Mass, and specifically at the elevation of the Host” (1989: 311).

Atopamos tamén unha serie de referencias indirectas a Deus que se fan máis directas ó adaptármolas ó galego:

193. Benedicte be herinne!

Deus nos bendiga

201. Blesse þe, blesse þe, leue knaue!

Deus vos garde, meu fillo

254. Bi þe holi roed!

¡Pola sagrada Cruz!

408. Bi houre Dritte!

¡Por Deus!

Finalmente, vexamos algunhas exclamacións con outras referencias relixiosas que poderíamos clasificar como *non estereotipadas* e que, xa que logo, poden ser traducidas case que literalmente:

334. Al þe sunne Ich wolde forgiue

þe mon þat smite of min heued

Eu perdoaría todo o mal (pecado)

do home que me cortase a cabeza

436. *par ma foi*

(lit. pola miña fe)

par ma foi

1.2. REFERENCIAS PAGANAS

Entre este tipo de expresións, podemos ver algunhas que gardan certa semellanza estrutural con outras que xa vimos no apartado anterior; refírome a comparacións como:

133. So bide Ich euere mete oþer drinke

(lit. tan certo como que espero comer e beber)

Xúrovos pola miña vida

Onde, na tradución, substituímo-la referencia ás funcións vitais pola referencia á vida mesma. Outras veces as referencias son ó benestar ou ó paso do tempo:

273. So Ich euere brouke house oþer flet

(lit. tan certo como que espero disfrutar dunha casa, dun chan)

Pola casa que espero mercar

433. Dame, so Ich euere bide noen

(lit. tan certo, señora, como que espero ver chega-la noa)

Como que espero ver chega-las noas

Outras expresións están destinadas a gañar e reafirma-la confianza do interlocutor na palabra empeñada polo falante:

240. Make me siker word on honde
(lit. asegúrademe coa palabra na man)
Xurádeme coa man no corazón
252. Her I þe mi trouþe plitte
Ich shal helen bi mi mitte
(lit. aquí vos prometo a miña verdade)
mantereino secreto con tódalas miñas forzas)
Polo que garde no peito
non teño preito

Canto a este dous últimos versos, dous son os motivos que nos levaron a apartarnos radicalmente do orixinal na nosa tradución. Por unha banda, o xuramento anglosaxón coa man erguida amosando a palma simboliza a honestidade da palabra de honra, as boas intencións do que dá a súa palabra e ensina a man. Esta modalidade de xuramento, malia estar popularizada hoxe en día polas películas, é allea á nosa cultura, que opta por mante-la man no corazón en sinal de sinceridade e franqueza. Por outra banda, escollimos un refrán como tradución destes versos porque a sonoridade, a forza e a concisión do orixinal fan que semelle un verdadeiro refrán. En galego perderíamos estas tres características (que ó noso xuízo son básicas) se fixemos unha tradución literal ou máis neutral.

Temos tamén dúas expresións totalmente alleas á cultura galega:

294. Bi þe somer blome!
(lit. pola flor do verán)
Polos favores de Afrodita
333. Alas, alas, þat euer I liue!
¡Ai de min, ai de min! ¿por que estarei aínda viva?

Trátase, no primeiro caso, dunha exclamación puramente pagana posta en boca de Willikin. É unha referencia ás flores do verán, á fecundidade, moi en consoancia coas esperanzas que este personaxe comeza a ter en relación coas súa coita amorosa. Decidimos mudar esta referencia ás flores, absolutamente allea a calquera tipo de expresión enfática ou exclamación galega, por unha referencia a Afrodita, que mantén as referencias paganas do xuramento ó tempo que alude á esperanza de Willikin de que a deusa do amor lle sexa propicia.

A segunda é unha exclamación xenuinamente inglesa, da que coñecemos con certeza a súa orixe. Esta interxección semella derivar, a través do francés antigo, do adxectivo latino *lassus*

(canso, fastiado e, máis tarde, desgraciado): “LAT lassus > OF (h)a las > ME alas.”¹ O seu significado orixinal era, xa que logo algo semellante a ¡Ouh, desgraciado!

Malia non termos en galego unha interxección que a traduza directamente, posuímos, non embargantes, algunhas exclamacións que nos serven de equivalencias funcionais: ¡Ai de min! ¡Pobre de min! e que nos axudan a expresa-lo grao de desesperación e miseria que a alcaiota Siriz quere finxir ante Dame Margery.

2. AS DENOMINACIÓNS DO ASUNTO AMOROSO

Cada personaxe do *fabliau* ten un xeito particular de denomina-lo enredo amoroso que se narra no poema. Incluso podemos ver que, dependendo de quen é o interlocutor, os personaxes mudan o seu xeito de se referiren ó asunto. Isto ten a súa explicación, xa que cada un dos tres personaxes principais ten un interese distinto no tema. Isto obríganos a utilizar na tradución campos léxicos e semánticos moi distintos e perfectamente delimitados para as intervencións de cada personaxe.

Por unha parte, para Dame Margery é importante satisfacer rapidamente a Willikin para que este non a siga a molestar; para ela todo se reduce a conxura-lo perigo que, segundo a historia que argallou a alcaiota Siriz, representa Willikin:

382. Me were leuere þen ani fe
That he heuede enes leien bi me,
And efftsones bigunne.
Daría calquera cousa
para que durmisse comigo unha noite
e rematar de contado.

400. Bote þat þou me Wilekin bringe,
En mai I neuer lawe en singe
En be glad.
Se non me traedes a Willikin
non poderei máis rir nin cantar
nin ser feliz.

Para a alcaiota, o enredo amoroso non é máis que unha fonte de ingresos, tanto por unha parte como por outra: Willikin ofrécelle cartos para que lle consiga os favores de Margery e Margery, cando xa caeu na trampa, ofrécelle unha fortuna para que consiga que Willikin volte:

164. And Ich mai haue help of þe,
þou shalt haue, þat þou shalt se,
Ful riche mede. (Fala Willikin)
Se vos me axudades

¹ Segundo o Webster Unabridged Dictionary of the English Language.

estade segura que vos recompensarei
con prezados galanos.

388. Giftes will I geue þe
þat þou mait euer þe betere be,
Bi Godes houne belle! (Fala Margery)
Fareivos galanos,
mellorarede-la vosa fortuna,
¡Polos cravos de Cristo!

Willikin, pola contra, utiliza dúas linguaxes distintas, por unha parte, con Margery preséntase como un ardente amante con grandes coitas. A Siriz, nun primeiro momento, tenta convence-la de que padece o mal de amores, mais logo falan só de negocios. Vemos así que coa súa amada é, aparentemente, máis recatado e discreto, e refrefre á relación que espera manter con ela como

70. Will þi lóuerd is in toune,
En mai no mon wiþ þe holden roune
Wiþ no þewe.
Cando o voso marido está na cidade
ninguén pode falar con vos
en privado e cortesmente.

Cando Willikin quere convencer a Siriz de que ten que axudalo, pretende amosarse como un amante desgraciado e refrefre á súa pena amorosa como:

153. kare
163. nede
174. tene and kare
175. hounsele
186. sereue
189. wo

é dicir, coitas, penas, mágoas, dores, miserias.

Mais cado xa cofían un no outro, poden falar máis abertamente sobre o seu negocio e así o denominan: “410. hernde: negocio, asunto;” ou, máis descaradamente:

438. plaie: þou most gange awai,
Wille Ich and hoe shulen plaie.
agora deixádenos sós
mentres xogamos.
440. tille: And loke þat þou hire tille
e mirade de traballala ben
441. And strek out hire þes
e estarricarlle as coxas
-

3. PALABRAS CLAVE PARA O DESENVOLVEMENTO DO TEMA

Ocuparémonos agora de certas palabras e expresións que teñen unha importancia fundamental para entende-lo desenvolvemento do asunto amoroso e que determinarán as actuacións e reaccións dos distintos personaxes. Unha análise detida deste conxunto de expresións pódenos descubrir unha segunda interpretación do texto que vai máis alá do puramente superficial, do simple engano do que é vítima unha muller inocente: ¿deixa Margery que Willkin lle faga as beiras?

Por este motivo, unha correcta interpretación do léxico, tanto no seu plano denotativo como connotativo, redundará na calidade da tradución, que, segundo o noso parecer, debe deixar, como o orixinal, as portas abertas a cantas interpretacións sexan posibles. Podemos agrupar este léxico ó redor de tres temas:

1. A xenerosidade e a inocencia de Margery
2. O secretismo.
3. A identificación do pretendente.

3.1. A XENEROSIDADE E A INOCENCIA DE MARGERY

Margery, unha esposa fiel e inocente, recibe na súa casa e co corazón aberto a Willikin, que a vai visitar en ausencia do seu marido, o que nos fai supor que xa se coñecían antes desta visita. Movidada polo que a primeira vista se pode tomar como a súa bondade e inocencia, Margery asegúralle a Willikin, antes de coñecer-las súas intencións, que fará todo o posible por complacelo, que o servirá: “34. ful fre = con toda xenerosidade.”

Este ofrecemento gratuito dalle azos a Willikin para lle declara-lo seu amor. ¿Podemos ver aquí, en realidade, un certo consentemento por parte de Margery, un flirteo?

Por unha parte, temos motivos para contestar que non, xa que cando Margery cae na trampa argallada por Siriz, o único que desexa é escapar do meigallo que supostamente lle pode botar Willikin, para o que está disposta, segundo as súas propias palabras a “deitarme con el e rematar dunha vez este asunto”. Ademais, dende o primeiro momento Margery é definitiva nas súas repostas a Willikin:

91. Ich haue mi louerd þat is mi spouse ...
He loueþ me and Ich him wel
Oure loue is also trewe as stel
O meu marido é o meu señor ...
ámame e o quero.
Abofé que é tan forte o noso amor como o aceiro.

Por outra banda, poderíamos considera-las negativas de Margery como unha parte máis do flirteo, xa que unha dama nunca vai consentir no adulterio de boas a primeiras, tense que fa-

cer de rogar e ten que ser seducida. Ademais, as súas negativas son nalgúns casos moi curiosas e semellan agachar unha segunda lectura:

100. þat en shal neuere be
þat I shal don selk falsete,
On bedde en on flore.
Nunca farei eu
infamia tal
nin no leito nin no chan.

¿Como temos que entender estas palabras? ¿Porque esa referencia ó leito e ó chan? ¿Estase a negar en redondo? ¿Ou simplemente di: non deshonnarei o leito nin a casa (o chan) do meu home, pero se cadra noutro lugar ...? Cómpre ademais termos en conta que é ela e non Willikin quen fai a primeira referencia ó sexo. E tamén a segunda, como podemos ver en

106. For noþing ne shuld I take
Mon on erþe to ben mi make
Ar his hom-come
Nunca acollerei no meu leito
a ningún home
antes que el [o seu marido] volte

As dúas posibles interpretacións destas palabras son obvias: a) o único home que entrará no meu leito será o meu marido cando volte a casa e b) non entrarás no meu leito ata que o meu home volte a casa. Cada un sacará as conclusións que mellor lle pareza, mais, curiosamente, as únicas referencias ó sexo nos primeiros 400 versos dun poema de 450 están en boca de Margery.

Seguindo co tema da xenerosidade de Margery, ironicamente a dama vaise ver na obriga de exercela para que a alcaiota vaia buscar a Willikin:

382. Me were leuere þen ani fe
Daría calquera cousa
388. Giftes will I geue þe
Fareivos galanos

Tencionamos, xa que logo, reflectir coidadosamente na tradución o carácter xeneroso e desprendido de Margery para deixar ben claro o seu único erro: unha excesiva inocencia e confianza nos demais.

3.2. O SECRETISMO

Para Siriz e Willikin é importantísimo que o enredo amoroso sexa secreto. Para Siriz, sobre todo, é vital: ela mesma recoñece o seu temor a ser descuberta e condenada a público escarño polos que ela denomina “chapitre” (243) e “prestes and clarkes” (248). Para Willikin a clandestinidade do seu amor é precisa porque o seu é, dende logo, un amor adúltero e porque o texto deixa ver que el é un novicio. Como consecuencia, abundan as referencias ó segredo e ó silencio:

85. Dame, if his is þi wille,
Boþ dermelike and stille,
Ich wille þe loue.
Se vos aceptades, señora,
amareivos en secreto
e con discreción.
130. Derne loue I þe bede
ofrézovos o secreto amor
237. Weste Hic hit mitte ben forholden
Se me asegurades que o gardades en secreto
240. Make me siker wiþ word on honde
þat þou wolt helen, and I wile fonde
if Ich mai hire tellen.
Xurádeme coa man no corazón
que non diredes nada e eu tentarei
falar con ela.
252. Her i þe mi troupe plitte:
Ich shal helen bi mi mitte
Polo que garde no peito
non teño preito.
367. þis enderdai com a clark me to
And bed me loue on his manere
Este día veu a min un novicio
e ofreceume un amor adúltero

3.3. A IDENTIFICACIÓN DO PRETENDENTE

Hai, finalmente unha pasaxe clave no conto inventado por Siriz para a identificación de Willikin. Na falsa historia que lle conta a Margery, Siriz relata que foi un “clark wiþ croune” (348), un novicio tonsurado, quen lle levou a desgracia á súa filla. Margery relaciónao inmediatamente con Willikin, ó que se refire dúas veces como novicio (366 e 380). E Siriz insiste:

373. Leue dame, if eni clerck
Bedeþ þat loue-werc,
Ich rede þat þou grante his bone
-

And bicom his lefmon sone.
Señora, se algún novicio
vos ofrece o seu amor
aconséllovos que aceptedes
e sexade-la súa amante.

A pertenza de Willikin ó clero axúdanos a comprender tamén a súa referencia á hora noa, como xa vimos nun apartado anterior.

O que tencionamos pór de relevo neste pequeno traballo, é o feito de que toda traducción, e especialmente se se trata dun poema como neste caso, require unha detida análise de todo o vocabulario do texto de partida para podermos así estar certos de que a nosa interpretación, e polo tanto a nosa traducción, recolle tódolos aspectos e connotacións do texto orixinal.

Por outra parte, sendo a traducción, en palabras do profesor Soto Vázquez (1993): *a crítica textual por excelencia*, comprobamos que a devandita análise nos permite chegar a novas conclusións na interpretación de calquera texto.

Alberto Álvarez Lugrís
Universidade de Vigo

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Benett, J. A. W. & Smithers, G. V. 1989: *Early Middle English Verse and Prose*. Oxford, Oxford University Press.
- Iglesias Rábade, L. & Álvarez Lugrís, A. 1994: Traducción ó galego do poema inglés medieval anónimo *Dames Sirith*, accésit do VIII Certame de Traducción Litaeraria ó Galego convocado polo Seminario Permanente de Filología Inglesa y Didáctica del Inglés de la Universidad de Extremadura.
- Newmark, P. 1987: *A Textbook of Translation*. Cito pola traducción galega de Francisco Xabier Fernández Polo (1993): *Manual de Traducción*, Colección Lingua Franca, nº 2, Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.
- Soto Vázquez, A. L. 1993: *El inglés de Charles Dickens y su traducción al español*. Monografías nº 16, A Coruña, Servicio de Publicacións da Universidade da Coruña.

* * *